VI SAN SILVESTRE OURENSÁ

Venres, 31 de decembro de 2021

REGULAMENTO

Actualización 16/12/2021

---

1. ORGANIZACIÓN

Sublime Deporte y Cultura S.L. e o Consello Municipal de Deportes do Concello de Ourense coa colaboración da Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo e o Club Deportivo Aurum organizan o venres, 31 de decembro de 2021 a "VI Carreira Popular San Silvestre Ourensá".

2. PARTICIPANTES

Poderán participar todas aquelas persoas maiores de 14 anos (o día da proba) que o desexen, sempre que estean inscritas nos prazos e formas establecidos ao efecto pola Organización.

3. INSCRICIÓNS

As inscricións realizaranse a través de https://www.carreirasgalegas.com/ entre o 10 e o 27 de decembro de 2021 ás 23:59 h.

Cota de de inscrición:

- Do 10 ao 17 de decembro de 2021: 5€
- Do 18 ao 27 de decembro de 2021: 7€

Unha vez realizada a inscrición non se devolverá o seu importe, agás no suposto de suspensión da proba por restricións para facer fronte á COVID-19 determinadas pola autoridade competente.

4. DECLARACIÓN RESPONSABLE

O feito de inscribirse nesta carreira supón unha declaración responsable por parte do/a atleta dos datos que aporta.

No momento de formalizar a inscrición, os participantes estarán declarando a súa responsabilidade sobre os seguintes termos:

- Que antes de saír cara a actividade deportiva teño realizado o auto test do SERGAS, non manifestando ningún síntoma de COVID-19 (febre, tose, ou falta de alento).

- Que teño lido, entendido, aceptado e me comprometo a cumprir o protocolo de prevención COVID-19 desta proba, colaborando en todo o posible coa Organización.

- Que teño lido, entendido, aceptado e me comprometo a cumprir o Regulamento desta proba, colaborando en todo o posible coa Organización.

- Que cumpro os requisitos de admisión establecidos no documento Protocolo COVID obriga de información e consentimento informado, non sendo grupo de risco.

- Que non convivo con ninguén que sexa grupo de risco, ou que no caso de que así sexa, participa na actividade baixo a súa propia responsabilidade.

- Que son consciente dos riscos que implica a participación na actividade no contexto da crise sanitaria provocada pola COVID-19, e que asumo baixo a miña propia responsabilidade.

Esta declaración responsable fará referencia ao mesmo día da proba. Polo que, no caso de non poder cumprir algún dos ítems anteriores, o/a atleta non tomará parte na carreira.

Aqueles participantes e acompañantes que veñan de fóra de Galicia e/ou estiveran nos últimos catorce días en territorios de alta incidencia epidemiolóxica COVID, inescusablemente deberán comunicarllo de forma veraz ao Servizo Galego de Saúde a través de https://www.sergas.es/Saude-publica/benvida-viaxeirxs no que ademais se especifican cales son estas zonas. Esta comunicación deberá ser completada por cada un dos viaxeiros/as, que serán responsables de que a información subministrada sexa veraz e precisa. En caso de menores de idade, persoas dependentes ou incapacitadas, a declaración será cuberta polo seu titor, que se fará responsable da veracidade da información subministrada.

5. ENTREGA DE DORSAIS E CHIPS

Os dorsais e chips serán entregados o día 30 de decembro de 2021 en INTERSPORT Bouso, Rúa Curros Enríquez, 5 – 32003 Ourense.

Para retirar o dorsal cada participante deberá amosar o certificado de vacinación COVID ou a aportación do certificado da realización dun test de antíxenos ou PCR negativo cunha antelación máxima de 72 h. á celebración da proba ou ben a aportación de certificado médico conforme se superou a infección por COVID-19 nun período comprendido entre os 11 e os 180 días anteriores a celebración da proba.

Non se entregarán dorsais e chips o día da proba.

Os/as deportistas terán que portar obrigatoriamente o dorsal no peito en todo momento, sen dobrar nin ocultar, ben visible.

6. SAÍDA – HORARIO

A Saída e Meta estará situada no inicio da Rúa do Paseo.

Á zona de Saída e Meta haberá que acceder con máscara.

Realizaranse saídas de ata 300 atletas simultaneamente. Os/as atletas deberán permanecer na zona de saída coa máscara e deberan saír correndo coa máscara posta, podéndoa retirar transcorridos os suficientes metros que garantan a distancia de seguridade.

A máscara poderá ser gardada polo atleta que a poderá portar durante a carreira, poderá correr con ela se así o desexa ou poderá ser quitada e tirada nos contedores.

Realizaranse tantas quendas como a organización estime cumprindo coas medidas de seguridade e control establecidas.

A saída da primeira quenda terá lugar ás 16:30 h.

A cadencia entre as diferentes quendas será de 1 minuto.

7. PERCORRIDO

O percorrido transcorrerá por un circuíto de 2,4 Km. aproximadamente ao que haberá que dar dúas voltas (4,8 Km. aproximadamente):

Rúa do Paseo (Cruce Cardenal Quiroga) - Parque de San Lázaro - Rúa Santo Domingo - Praza do Ferro - Rúa dos Fornos - Rúa Unión - Praza do Trigo - Rúa Hernán Cortés - Rúa Prieto Nespereira - Rúa Lugo - Rúa Padre Feijóo - Rúa Colón - Praza Maior - Rúa Lamas Carbajal - Rúa do Paseo.

O Organizador poderá modificar o percorrido por motivos de seguridade ou por causa de forza maior.

8. XULGAMENTO DA COMPETICIÓN

A proba forma parte do calendario oficial da Federación Galega de Atletismo polo que estará cronometrada e controlada polo Comité Galego de Xuíces da FGA.

9. DESCUALIFICACIÓNS

Serán motivos de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuíto da carreira, non levar dorsal – chip visible por diante ou manipulalo, falsificar datos persoais e a suplantación de identidade.

Os Servizos Médicos, o Xuíz Árbitro da competición e o persoal de Organización, están facultados para retirar xustificadamente da carreira a calquera atleta que manifeste un mal estado físico evidente.

Todo/a aquel/a atleta descualificado/a recibirá unha máscara e deberá retirar o seu dorsal e abandonar o circuíto inmediatamente.

O tempo máximo para completar a proba é de 45 minutos.

10. RECLAMACIÓNS

As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao Xuíz Árbitro, non máis tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.

11. SERVIZOS MÉDICOS E SEGUROS

Haberá servizo de ambulancia e médico para a atención.

Todas as persoas participantes estarán cubertas cunha póliza de Seguro de Responsabilidade Civil e dun Seguro de Accidentes.

É imprescindible estar inscrito/a para ter cobertura dos seguros de RC e de accidentes, que atenderá aos sinistros que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde este á orixe.

12. PREMIOS

12.1 Premio Carreira Absoluta

Premio para os 5 primeiros homes e 5 primeiras mulleres da carreira absoluta.

12.2 Premio Mellor Disfrace

Premio para o mellor disfrace individual.

Premio para o mellor disfrace de grupo (2 ou máis membros).

Para optar ao premio de mellor disfrace individual deberá completar a carreira.

Para optar ao premio de mellor disfrace de grupo deberán completar a carreira como mínimo 2 membros do grupo.

O premio para mellor disfrace, individual e de grupo, non virá determinado polo posto na carreira, será concedido por un xurado designado pola organización, e a súa decisión será inapelable.

13. NORMATIVA

Para todo o non disposto neste regulamento aplicarase a normativa FGA e, de ser preciso, a normativa RFEA e WA.

14. LOPD

Todos/as os/as corredores/as ao realizar a inscrición:

- Ceden os seus dereitos de imaxe á Organización e aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet de acordo coa Lei de Protección de Datos.

- Consenten expresamente que a compañía xestora do seguro de accidentes ceda os seus datos para a tramitación ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o/a interesado/a pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow, 13 - 15008 A Coruña.